

## A UNIDADE DE ICTUS COMPOSTELÁ RECIBE A MÁXIMA ACREDITACIÓN QUE CONCEDE A ORGANIZACIÓN EUROPEA DA ESPECIALIDADE

- A distinción reconece a excelencia na atención integral aos pacientes que sofren esta doenza
- Dende xaneiro ao 15 de decembro deste ano, no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago ingresaron 659 pacientes con ictus

**Santiago de Compostela, 21 de decembro 2023.-** A Unidade de Ictus do Servizo de Neuroloxía da Área Sanitaria de Santiago e Barbanza, ven de recibir a máxima acreditación, nivel diamante, que outorga a Organización Europea do Ictus. Este recoñecemento concédese pola excelencia na abordaxe e tratamento desta enfermidade, e polos coidados ofrecidos ás persoas afectadas con esta doenza e ás súas familias.

Para acadalo, a unidade tivo que acadar os máis esixentes estándares de calidade asistencial marcados pola European Stroke Organization (ESO) establecéndose tres niveis de acreditación segundo o grao de consecución dos mesmos: ouro, platino ou diamante. Esta organización analiza os tempos de actuación na patoloxía vascular cerebral así como os resultados de seguridade e eficacia dos tratamentos administrados no Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela nos últimos anos.

A área sanitaria compostelá creou a primeira unidade de Ictus de Galicia no 2004 e foi o centro de referencia para toda a comunidade ata a posta en marcha do Plan Ictus de Galicia en 2016.

Cada 6 minutos o Ictus mata a unha persoa en España. Cada ano, arredor de 130.000 españois sofre un ictus, sendo a segunda causa de mortalidade en España, a primeira en mulleres. Segundo as estimacións, un terzo dos doentes que sofre un ictus falece e outro sufrirá discapacidade, o que lle impedirá valerse por si mesmo. É a primeira causa de discapacidade en idade adulta e a segunda causa de demencia.

Dende xaneiro ata mediados de decembro deste ano 2023, no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago ingresaron 659 pacientes con ictus. Grazas á existencia da unidade, aproximadamente o 44% dos doentes que acudiron a Urgencias aqueixados cun accidente cerebrovascular (1.152 no que va de ano) puideron ser dados de alta desde o propio servizo de urgencias. A existencia dun equipo multidisciplinar permitiu realizarlles un estudo diagnóstico completo que revelou con garantías que a súa situación clínica o permitía. O tratamento do ictus require de persoal especializado e adestrado.

Os doentes con ictus isquémico que acoden aos servizos de urgencias nas primeiras catro horas e media tralos primeiros síntomas poden beneficiarse dos tratamentos máis eficaces e específicos para esta doenza, podendo ampliar esta ventá terapéutica en casos seleccionados. Así, unha das técnicas complexas que están revelando gran eficacia nestes casos seleccionados é a revascularización endovascular.

En Santiago, practicáronse no que vai de ano 110 fibrinólises intravenosas (rtPA) e 122 técnicas de revascularización endovascular (trombectomía mecánica). Cada ano se conseguen tratar a máis pacientes con esta patoloxía mellorando de maneira importante o seu pronóstico funcional.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Existen diferentes técnicas de revascularización endovascular que inclúen a trombectomía mecánica (disrupción e/ou extracción do trombo mediante o emprego de diferentes dispositivos) e técnicas combinadas (administración de fibrinolíticos en veciñanza do trombo). Todas elas poden asociarse como técnicas de rescate tras a fibrinólise intravenosa, conseguindo maiores taxas de recanalización arterial, o que mellora a recuperación funcional dos pacientes.

O Hospital Clínico Universitario de Santiago é un dos centros de atención ao ictus de Galicia e foi o primeiro en contar cunha unidade específica para esta patoloxía. Foi tamén pioneiro en ter unha unidade de atención as 24 horas e é líder no tratamento e investigación do ictus en Galicia.

Para o responsable da unidade de ictus, o neurólogo Manuel Rodríguez Yáñez, "este premio é un estímulo para seguir traballando en equipo como o estamos facendo, xuntando esforzos e coñecementos para poder dar a mellor atención aos nosos pacientes. O logro é grazas a dedicación de moitos profesionais de distintos servizos como anestesioloxía, neurorradioloxía, urxencias, neurocirurxía, unidades de críticos, persoal de enfermería, traballadoras sociais, rehabilitación, celadores, administrativos... entre outros"

Pola súa banda, a xerente da Área Sanitaria de Santiago, Eloína Núñez Masid, subliña que "este recoñecemento ven indicar o bo facer dos profesionais implicados na asistencia e coidado dos enfermos aqueixados co ictus e do seu entorno" ao tempo que mostrou a súa "satisfacción e agradecemento aos profesionais por poder contar con unidades multidisciplinares coma esta que demostran que os mellores resultados veñen da man de equipos integrais".

**Saúdos,**